



## **MEMORIA PROPOSTA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, E O CONSELLO DE SEGURIDADE NUCLEAR SOBRE PLANIFICACIÓN, PREPARACIÓN E RESPONSA ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA RADIOLÓXICA.**

O Consello de Seguridade Nuclear e a entón Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de la Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración sobre planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica con data 23 de novembro de 2012.

A vixencia do Convenio era indefinida e non supoñía ningún compromiso económico para ningunha das partes.

O Consello de Seguridade Nuclear (CSN) propón asinar un novo convenio co obxectivo de adaptado á Lei 40/2015 do 1 do outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que na súa disposición adicional oitava exige a adaptación dos convenios vixentes subscritos por calqueira administración pública á nova regulación, contida nos artigos 47 e seguintes da mesma. O CSN está renovando os convenios asinados coas Comunidades Autónomas.

O novo convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia e o Consello de Seguridade Nuclear sobre planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica, vai ter una vixencia de catro anos e non supón ningún compromiso económico para ningunha das partes.

O Real Decreto 1564/2010 do 19 de novembro polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco Radiolóxico (DBRR) ten como obxecto reforzar a planificación das medidas de protección e información á poboación en supostos de emerxencias radiolóxicas e recolle unha ampla variedade de posibles accidentes, sucesos e circunstancias con potenciais repercusións radiolóxicas, que poden derivarse das instalacións radioactivas, equipos, fontes de radiación e actividades con risco, e determina a necesidade de dispoñer de recursos nas instalacións e nas administracións públicas para intervir nas diferentes emerxencias radiolóxicas.

A Directriz Básica reconece na súa implantación unha especial complexidade pola ampla variedade de posibles accidentes, sucesos e circunstancias con potenciais repercusións radiolóxicas, que poden derivarse das instalacións, equipos, fontes de radiación e actividades. Uns aspectos especiais a destacar eran: contar co reforzo da seguridade das instalacións radioactivas coa promulgación do Real Decreto 1308/2011 sobre protección física das instalacións y materiais nucleares, e das fontes radioactivas, que se plasma nunha serie de requisitos que establece a Instrución IS-41 de 16 de setembro de 2016, do Consello de Seguridade Nuclear sobre a protección física de fontes radioactivas, contar con un sistema de detección e recuperación de fontes radioactivas coa promulgación do Real Decreto 451/2020 sobre o control e recuperación de fontes radioactivas orfas, a orientación asimilable por la Instrución IS-44 de 26 de febreiro de 2020, do Consello de Seguridade Nuclear, sobre requisitos de planificación preparación e resposta ante emerxencias de instalacións nucleares, e a garantía de información a poboación que establece o Real Decreto 586/2020 de 23 de xuño, relativo a información obrigatoria en caso de emerxencia nuclear ou radiolóxica. Queda pendente a transposición completa da Directiva 2013/59 EURATOM del Consejo, de 5 de decembro de 2013, pola que se establecen normas de seguridade básicas para a





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)  
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486  
15703 Santiago de Compostela

galicia

protección contra os perigos derivados da exposición as radiacións ionizantes, no proxecto de Real Decreto por el que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición as radiación ionizantes, para incorporar uns novos niveis de referencia asociados ás situacións de exposición de emerxencia, tanto para o persoal de intervención en emerxencia como para os membros do público.

O convenio ten por obxecto coordinar as actuacións do Consello de Seguridade Nuclear e a Xunta de Galicia en caso de emerxencias radiolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ás obrigas de ambas partes, que establece a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco Radiolóxico.

Por unha banda, a Xunta de Galicia debe elaborar o seu correspondente Plan Especial de Protección Civil fronte ao Risco Radiolóxico circunscrito á Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo básico de dispoñer da organización, os procedementos, e os medios e recursos necesarios para protexer a poboación fronte aos riscos radiolóxicos que puidese afectala, en caso de emerxencias radiolóxicas.

Por outra banda, o Consello de Seguridade Nuclear debe prestar apoio técnico e asesoramento aos órganos de dirección dos plans das Comunidades Autónomas que sexan de aplicación, no que atinxe a criterios radiolóxicos a empregar e medidas de protección a poñer en práctica na xestión da emerxencia.

Ademais o Real Decreto 387/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba a Directriz Básica de Planificación de protección civil ante ou risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril (TRANSGAL) inclúe a planificación e a xestión de emerxencias do Grupo-7 de materiais radioactivos. A Xunta de Galicia ten implantado o Plan TRANSGAL.

O convenio, polo tanto, obedece á necesidade de implementar o esquema de coordinación na participación do Consello de Seguridade Nuclear coa Xunta de Galicia para o mellor exercizo das competencias e funcións, no que atinxe á planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica, mediante a cooperación na planificación, implantación e mantemento do Plan Autonómico de Emerxencia Radiolóxica da Xunta de Galicia, contando co aproveitamento mutuo dos recursos e experiencia de ambas institucións.

Santiago de Compostela 8 de marzo de 2021

O Director Xeral de Emerxencias e Interior  
Santiago Villanueva Álvarez

